



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Bases xerais e específicas reguladoras do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de dúas prazas de limpador/a edificios municipais, incluídas nas ofertas de emprego público do Concello de Mugardos de 2022 e 2024

ANUNCIO

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DE DÚAS PRAZAS DE LIMPADOR/A EDIFICIOS MUNICIPAIS, INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE MUGARDOS DE 2022 E 2024 (OEP 2022 E OEP 2024), MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN EN QUENDA LIBRE.

Mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2025-1044, do 29 de agosto de 2025, prestouse aprobación a convocatoria e bases xerais e específicas reguladoras do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de dúas prazas de limpador/a edificios municipais, incluídas nas ofertas de emprego público do Concello de Mugardos de 2022 (BOP de A Coruña núm. 246, do 29.12.2022) e 2024 (BOP de A Coruña núm. 251, do 31.12.2024), mediante o sistema de oposición en quenda libre.

Contra a resolución da Alcaldía pola que se ten prestado aprobación ás presentes bases e a súa convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que as aprobou, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña; ou ben recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o seguinte ao da súa publicación no indicado Boletín, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosoadministrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición, non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

O texto íntegro das ditas bases publícase de seguido, ao abeiro do establecido no artigo 205.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

“CONVOCATORIA E BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DE DÚAS PRAZAS DE Limpador/a edificios municipais, INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE MUGARDOS DE 2022 E 2024 (OEP 2022 E OEP 2024), MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN EN QUENDA LIBRE

Primeira. Obxecto da convocatoria

As presentes bases teñen por obxecto a regulación xeral e específica da convocatoria e do proceso selectivo para a cobertura, mediante o sistema de oposición, en quenda libre e mediante persoal laboral fixo, de dúas (2) prazas de limpador/a de edificios municipais, previstas na Relación de Postos de Traballo do Concello de Mugardos, e incluídas nas ofertasde emprego público desta entidade local do ano 2022 e do ano 2024 (OEP 2022 e OEP 2024), aprobadas, respectivamente, mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2022-1263, de data 23.12.2022 (BOP de A Coruña núm. 246, do 29.12.2022) e mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2024-1525, de data 26.12.2024 (BOP de A Coruña núm. 251, do 31.12.2024).

Segunda. Características e funciónsdas prazas convocadas

2.1.- Características.

As prazas convocadas corresponden a dúas prazas de persoal laboral fixo de Limpador/a de edificios municipais, asimiladas á Escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, Grupo E, Agrupacións profesionais.

CÓDIGO RPT	GRUPO DE CLASIFICACIÓN	CATEGORÍA LABORAL	VACANTES	TITULACIÓN EXISIBLE
7008	V	LIMPADOR/A EDIFICIOS MUNICIPAIS	2	ESTUDOS PRIMARIOS

2.2.- Funcións.

Segundo a ficha da Relación de Postos de Traballo Cód.7008:

- ☐ Manter nas debidas condicións de hixiene as dependencias asignadas
- ☐ Limpeza de chan, ventanais, mobiliario, etc.
- ☐ Calquera outra relacionada co posto que o encomende o seu superior xerárquico

Así mesmo, asumirá as novas funcións que se poidan derivar dos cambios que se poidan no seu caso producir na configuración do posto na Relación de Postos de Traballo.

Terceira.-Requisitos das persoas aspirantes

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data de finalización do prazo de presentación de instancias e conservarse polo menos ata a data de contratación:

- a) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, respecto do acceso o emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír ou estar en condicións de obter, ate o día que remate o prazo de presentación de instancias, a titulación de Estudos Primarios ou equivalente.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

- d) Posuír a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- e) Estar en posesión do permiso de condución tipo B.
- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas; non se encontrar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
- g)As persoas aspirantes deberán acreditar estar en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega Celga 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.En caso de non acreditalo, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo a cualificación de apto ou non apto.
- h)Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Mugardos, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa base sétima.

Cuarta. Acceso a profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores e exercicio destas.

De conformidade co artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, será requisito para o acceso ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, e para o exercicio destas, non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

Para estes efectos, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante unha certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.

Quinta.-Acceso das persoas con discapacidade.

De conformidade coa Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación dos tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade, as persoas aspirantes que acrediten discapacidade poderán pedir na súa solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios das probas do proceso selectivo, co fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade. En caso de solicitar a adaptación, deberán presentar o certificado do grao de discapacidade e o Ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao da discapacidade, para acreditar as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao da discapacidade recoñecida, para os efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

Sexta.- Solicitudes e documentación.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben de forma presencial no Rexistro Xeral do Concello de Mugardos ou através da sede electrónica dispoñible na ligazón <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0>, así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante correo electrónico ao enderezo correo@mugardos.gal, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da data de publicación do anuncio da convocatoria no BOE. A falta de presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

Os erros de feito, materiais ou aritméticos que se puidesen advertir na solicitude poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou a pedimento da persoa interesada.

Os textos das probas selectivas distribuiranse, por defecto, en galego; os/as aspirantes que queiran dispor do texto das probas en lingua castelá deberán indicalo na súa solicitude. Unha vez publicada a resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas non poderán modificar o idioma das probas.

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) O DNI, pasaporte ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- b) O título académico esixido.
- c) De ser o caso, o documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento de lingua galega (CELGA 2 ou equivalente).
- d) Permiso de condución tipo B.
- e) Xustificante de ter ingresado o importe en concepto de dereitos de exame, segundo o que se indica na base sétima das presentes bases.

Sétima.-Dereitos de exame.

Será requisito necesario para participar neste proceso selectivo, aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, a cantidade de 5 euros, en concepto de Taxas de Dereitos de exame, segundo o establecido no Artigo 4. Cota tributaria, epígrafe 5.5 Dereitos de exame. da Ordenanza fiscal número 9 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

Estarán exentos do pago de dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente) e aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, ao menos, de un mes anterior á data da convocatoria da proba selectiva (para o que deberá presentar a certificación xustificativa expedida polo Servizo Público de Emprego correspondente).

A persoa solicitante aportará xunto coa súa instancia, copiado documento de transferencia ou ingreso.

A conta na que se deberá realizar o ingreso é a seguinte:

ES98 – 2080 – 0205 – 7331 – 1000 – 0032 ABANCA

Oitava.-Admisión de persoas aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde ou titular da concellería delegada a que corresponda, segundo o caso, ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas indicando, neste segundo caso, as causas da exclusión. A resolución será publicada no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mugardos e no Portal de Transparencia, sección emprego.

A indicada resolución declarando aprobada a listaxe provisoria contemplará igualmente:

- A designación do Tribunal cualificador.
- Lugar e data de realización da primeira proba.

As persoas aspirantes excluídas e/ou omitidas terán un prazo de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao de publicación da resolución no BOP da Coruña, para formular reclamacións ou subsanar os defectos que motivasen a súa exclusión e/ou omisión. O transcurso dese prazo sen subsanación dos defectos correspondentes supón a exclusión definitiva da convocatoria.

A listaxe provisoria converterase automaticamente en definitiva se transcorrido o prazo non se presentasen reclamacións. De as haber, as reclamacións presentadas serán estimadas ou desestimadas a través dunha nova resolución de

aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no portal de transparencia do Concello de Mugardos.

O feito de figurar incluído na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

Contra a resolución de Alcaldía ou titular da concellería delegada a que corresponda segundo o caso, aprobando a lista definitiva poderán interpoñerse, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da notificación, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP) e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

Os demais actos e acordos que se diten en desenvolvemento do proceso selectivo publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no portal de transparencia do Concello de Mugardos.

Novena.-Tribunal cualificador

Os membros do tribunal cualificador serán designados pola Alcaldía ou titular da concellería delegada a que corresponda segundo o caso, segundo o disposto no artigo 59 da Lei de emprego público de Galicia e no artigo 60 do TREBEP. O Tribunal cualificador constituirase atendendo aos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade, en función da dispoñibilidade de recursos, atendendo á paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes:

- a. Presidente/a, que será un/unha funcionario/a ou persoal fixo designado/a polo órgano competente.
- b. Vogais, funcionarios/as ou persoal fixo designados/as polo órgano competente.
- c. Secretario/a, a/o da Corporación ou quen legalmente a substitúa.

Todos os membros do tribunal deberán posuír titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

A determinación dos membros dos tribunais designados pola Alcaldía ou titular da concellería delegada a que corresponda, segundo o caso, farase públicamente coa resolución provisional de admitidos e excluídos, publicándose na sede electrónica do Concello de Mugardos.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

Os órganos de selección actuarán con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e velarán pola transparencia e obxectividade do proceso selectivo, a confidencialidade das probas e o estrito cumprimento das bases da convocatoria. No entanto, o órgano de selección está facultado para resolver as dúbidas que xurdan durante a realización do correspondente proceso selectivo e para adoptar os acordos que garantan o seu adecuado desenvolvemento en todo o non disposto nas bases reguladoras da convocatoria ou no caso de dúbidas na súa aplicación.

O Tribunal cualificador actuará con suxeición ao disposto nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e demais disposicións vixentes.

O réxime xurídico aplicable aos órganos de selección axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Constitución, o Tribunal velará polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre ambos os sexos.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas que permitan ás persoas aspirantes con discapacidade acreditada poder participar nas probas do proceso selectivo en igualdade de condicións.

O tribunal cualificador deberá constituírse na data que determine a Alcaldía ou titular da concellería delegada a que corresponda, segundo o caso, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do tribunal, titulares ou suplentes. Na acta da sesión de constitución do Tribunal poderase acordar que os seus membros titulares e suplentes actúen de forma indistinta.

Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de marzo.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o órgano que o nomeou, segundo o artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décima.-Sistema de selección.

O procedemento de selección consistirá nunha oposición libre que constará de tres probas, e de conformidade coas puntuacións que se especifican nas presentes Bases.

Primeira proba

De carácter teórico, obrigatoria e eliminatoria

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 30 preguntas, con tres respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido do programa da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases (parte xeral e parte específica). O tempo máximo para realizar este exercicio será de 50 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,40 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,10 puntos e as respostas en branco non penalizarán. A puntuación máxima desta proba será de 12 puntos. O aspirante que non acade un mínimo de 6 puntos será eliminado do proceso selectivo.

Segunda proba

De carácter práctico, obrigatoria e eliminatoria

Consistirá en desenvolver unha exercizo de carácter práctico que acredite a capacidade para o desempeño da función propia de limpador de edificios municipais, podendo consistir, a elección do Tribunal, nun suposto práctico tipo test ou na realización dun ou varios casos prácticos. A proba versará sobre os contidos das materias comprendidas na parte específica do temario da convocatoria (Anexo I-Temario-Parte específica).

A puntuación máxima desta proba será de 12 puntos. O aspirante que non acade un mínimo de 6 puntos será eliminado do proceso selectivo.

Para a súa valoración teranse en conta a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados, así como o dominio das competencias profesionais e o nivel de coñecemento das materias.

As características da proba e duración do exercizo serán obxecto de publicación polo Tribunal tras a súa sesión constitutiva.

Terceira proba

Proba de coñecemento da lingua galega

Proba de coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes que non acreditasen estar en posesión do nivel Celga 2 ou equivalente deberán facer unha proba eliminatoria que se valorará co resultado de APTO/A ou NON APTO/A.

A proba consistirá na tradución directa e inversa dun ou varios textos, en castelán e galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario. Os textos serán escollidos polo Tribunal cualificador inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba. Os aspirantes que non superen esta proba quedarán excluídos do proceso.

Décimo primeira.-Desenvolvemento do proceso selectivo.

Para os efectos da orde de actuación das persoas aspirantes terase en conta a letra resultante do último sorteo ao que se refire o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os exercicios e probas practícaranse nun chamamento único, sendo excluído do proceso selectivo quen non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior. O chamamento para o inicio das probas realizarase por orde alfabético do primeiro apelido de cada unha das persoas aspirantes.

As persoas aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

O tribunal publicará os sucesivos anuncios de celebración dos seguintes exercicios no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no portal de transparencia do Concello.

Concluído o proceso selectivo, o órgano de selección fará pública, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no portal de transparencia, a relación das persoas aspirantes que o superasen, con indicación da puntuación obtida.

O Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir o anonimato das persoas candidatas durante a realización das distintas probas nas que consistirá o proceso selectivo e poderá excluír a aquelas persoas opositoras en cuxas follas de exame figuren nomes, trazos, marcas ou signos que permitan coñecer a identidade das persoas aspirantes.

As persoas interesadas poderán presentar reclamacións ás puntuacións provisionais das probas da oposición no prazo de 3 días hábiles, contados desde o día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios dasede electrónica do concello de Mugardos, e de forma complementaria do portal de transparencia. A presentación das reclamacións realizarase na forma que se indiquena publicación das puntuacións provisionais. Á vista das reclamacións presentadas, o órgano de selección aprobará e publicará as puntuacións definitivas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Mugardos, e de forma complementaria no portal de transparencia.

Décimo segunda.- Cualificación final.

A puntuación final do proceso selectivo virá determinada pola suma do resultado das probas integrantes da oposición e entre as persoas aspirantes que teñan superado a proba de coñecemento do galego, de ser o caso.

En caso de empate entre dúas ou máis persoas aspirantes acudirase para dirimilo aos seguintes criterios, segundo a orde que se indica:

- Maior puntuación obtida na segunda proba do proceso selectivo.
- Maior puntuación obtida na primeira proba do proceso selectivo.

Se pese a isto persistise o empate resolverase mediante sorteo público ante a lo menos dous membros do Tribunal sendo un deles necesariamente o Secretario/a do mesmo.

Décimo terceira. Embarazo de risco ou parto.

Se por mor de embarazo de risco ou parto debidamente acreditados algunha das aspirantes non puidese completar o proceso selectivo ou realizar algunha proba deste, a súa situación quedará condicionada á finalización do proceso e á superación das probas que quedasen aprazadas, non podendo demorarse estas de maneira que se menoscabe o dereito das demais persoas aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo tribunal, e en todo caso a súa realización terá lugar antes dapublicación da relación de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo.

Décimo cuarta. Superación do proceso selectivo, relación de aprobados/as, achega de documentos, contratación e sinatura do contrato.

Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Mugardos, e de forma complementaria no portal de transparencia, a relación de persoas aspirantes que o superaron, por orde de puntuación e coa desagregación das puntuacións obtidas, e propondo a súa contratación como persoal laboral fixo.

O tribunal non poderá declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas, polo que se declarará aprobadas ás dúas persoas que obtivesen a maior puntuación.

Esta relación elevarase ao órgano competente, que ditará resolución coa relación de persoas aprobadas. A resolución publicarase no BOP e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Mugardos, e de forma complementaria do portal de transparencia.

As persoas aprobadas disporán dun prazo de 20 días naturais, contadosdesde o día seguinte á publicación no BOP da relación de aprobados, para presentar no Rexistro Xeral do concello de Mugardos a documentación que se relaciona de seguido:

- a) O DNI, pasaporte ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- b) Permiso de condución tipo B.
- c) Título de Estudos Primarios ou equivalente.
- d) Declaración xurada de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizode ningunha administración pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- e) Declaración xurada de non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa contratación.
- f) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defectos físicos e/ou psíquicos que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido por facultativo/a do Servizo Galego de Saúde ou similar que lle corresponda.

- g) As persoas aspirantes que fixesen valer a súa condición de persoa con discapacidade na súa solicitude de participación no proceso selectivo, deberán presentaro certificado acreditativo do grao da discapacidade e, así mesmo, o certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes, expedido polo órgano competente da administración sanitaria.
- h) Certificado negativo do Rexistro de delincuentes sexuais.
- i) Cartilla da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.
- j) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.

Ante a imposibilidade debidamente xustificada de presentar os documentos esixidos poderase acreditar que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

Acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria a Alcaldía ou titular da concellería delegada a que corresponda segundo o caso ditará resolución de contratación das persoas aspirantes propostas, que se publicará no BOP, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Mugardos e de forma complementaria do portal de transparencia. Non poderán ser contratadas aquelas persoas que non acrediten cumprir cos requisitos esixidos na convocatoria, e quedarán sen efecto as actuacións a elas relativas. A formalización dos contratos efectuarase dentro do prazo máximo dun mes a partir da publicación da resolución de contratación no BOP.

A dita formalización levará aparellada a extinción dos contratos de traballo para o persoal laboral temporal que estivera ocupando as prazas obxecto da convocatoria.

Décimo quinta.-Carácter vinculante das bases.

As presentes bases vincularán ao Concello de Mugardos, aos tribunais cualificadores e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo.

Décimo sexta. Recursos.

Contra estas Bases poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á súa publicación no BOP, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición perante o Alcalde do concello de Mugardos no prazo dun mes, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I TEMARIO

Parte Xeral

Tema 1. A Constitución española de 1978: características. Estrutura. Contido. Principios xerais. Dereitos e liberdades.

Tema 2. Organización municipal. Órganos de goberno municipais. O Pleno. O alcalde. Os concelleiros. A Xunta de Goberno Local. Órganos complementarios. O municipio: concepto. O término municipal. A poboación e o empadramento. Coñecemento do municipio de Mugardos e localización das instalacións municipais.

Parte específica

Tema 1. Organización e control do servizo de limpeza en centros públicos e administrativos. Conceptos xerais de limpeza. Funcións do persoal de limpeza. Equipos de traballo.

Tema 2. Produtos de limpeza desinfección: tipos de produtos, aplicación, composición e propiedades. Dosificación. Significado dos símbolos utilizados nas etiquetas dos produtos, pictogramas, manipulación, trasvase e almacenamento. Identificación dos perigos. Ventilación de espazos. Utensilios e maquinaria de limpeza. Mantemento e conservación dos utensilios e maquinaria de limpeza.

Tema 3. Limpeza de xanelas, cristais e espellos. Limpeza de teitos e paredes. Limpeza de alfombras. Limpeza de escaleiras. Limpeza de chans: Clases.

Tema 4. Limpeza de baños, aseos públicos e urinarios. Desinfección e ambientación.

Tema 5. Limpeza de mobles de madeira, de coiro e tapizados. Técnicas de limpeza.

Tema 6. Limpeza de centros públicos. A limpeza de áreas administrativas. Limpeza de oficinas e despachos: mobiliario, equipos informáticos, fotocopiadoras.

Tema 7. Tipos de residuos. Identificación e tratamento. Recollida, evacuación e reciclaxe. Aspectos ecolóxicos na limpeza.

Tema 8. Prevención de riscos laborais nos traballos de limpeza. Actuación en caso de accidente. Saúde postural.

ANEXO II

Solicitud

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DE DÚAS PRAZAS DE LIMPADOR/A EDIFICIOS MUNICIPAIS	
DATOS DA PERSOA ASPIRANTE	
D./Dna.	
DNI / NIE / Pasaporte	
Enderezo aos efectos da notificación	
Cod. Postal e localidade	
Teléfono	
Correo electrónico	
☐ AUTORIZO o concello a realizar notificacións á miña caixa de correos electrónica, mediante comparecencia na Sede electrónica logo de se identificar fidedignamente. En todo caso, serán notificadas por esta vía as persoas obrigadas segundo o art. 14.2 da Lei 39/2015.	
EXPOÑO	
- Que teven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Mugardos para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de dúas prazas de limpador/a edificios municipais. -Que coñezo e acepto as bases que rexen este proceso selectivo e que reúno os requisitos esixidos nas mesmas. -Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego os documentos solicitados nas bases xerais e específicas reguladoras do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de dúas prazas de limpador/a edificios municipais incluídas nas ofertas de emprego público do Concello de Mugardos de 2022 e 2024 (OEP 2022 e OEP 2024), mediante o sistema de oposición en quenda libre. -Que autorizo a utilización dos meus datos persoais, incluído o teléfono e o correo electrónico indicados na presente solicitude para a recepción de información e solicitudes relacionadas co proceso selectivo de que se trata.	

DECLARACIÓNS RESPONSABLES

Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que posúo a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas das prazas obxecto da convocatoria.
- Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
- Que son certos todos os datos facilitados na presente solicitude e que reúno todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), e acato integramente o contido das Bases que rexen este proceso selectivo.
- Que o modelo de solicitude de participación no proceso selectivo presentado para participar na presente convocatoria é o facilitado pola entidade convocante.

Por todo iso, **SOLICITO**



A miña admisión no correspondente proceso selectivo.



A adaptación dos tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade

Indique as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios para a realización das probas:



Dispor do texto das probas en lingua castelá.

Mugardos, _____ de _____ de 202__

Sinatura: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA



Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade.



Copia da titulación esixida para a praza á que aspira.



Copia do permiso de condución esixido na convocatoria



Xustificante acreditativo de ter ingresado a cantidade fixada como dereitos de exame.



Xustificación do dereito á exención do pago de dereitos de exame, de conformidade coas bases da convocatoria.



Copia do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega Celga 2 ou equivalente



Certificado do grao de discapacidade e o Ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao da discapacidade (persoas que teñan solicitado a adaptación de tempo e/ou medios no proceso selectivo).

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620-Mugardos; CORREO@MUGARDOS.GAL.

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O Concello de Mugardos non cederá os seus datos de carácter persoal."

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, en data 2 de setembro de 2025.

2025/5750